

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E  
ADMINISTRACIÓN LOCAL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE A CONSTRUCIÓN DO  
PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN  
SALGUEIRIÑOS**

En Santiago de Compostela, 1 de abril de dous mil cinco

**REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. Xesús Carlos Palmou Lorenzo, conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O Excmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela.

**EXPOÑEN**

1. Que as partes recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio

2.- Que a Consellería de Xustiza, Interior e Administración local, a Deputación Provincial da Coruña, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, con data do 27 de setembro de dous mil un, aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros do parque de bombeiros de Santiago de Compostela, con extensión do seu ámbito de actuación a todos os concellos relacionados.

3- Que, ao abeiro do citado convenio marco, e tal como se sinalaba na cláusula novena, para a execución das previsións contidas neste facíanse necesarios

convenios de desenvolvemento, tanto no referido á dotación de equipamentos como á dotación de medios humanos e para a construción dun novo Parque Comarcal.

4- Que o convenio marco quedou modificado, en parte, polo asinado no mes de decembro de 2004.

En execución deste convenio marco asináronse xa dous convenios de desenvolvemento, ambos os dous referidos á dotación de vehículos contra incendios.

Estes vehículos prestan xa o seu servizo na parte de Santiago de Compostela baixo o ámbito comarcal, actuando, por tanto, no ámbito xeográfico de todos os concellos asinantes do convenio marco.

Por todo isto, e co fin de establecer as condicións de colaboración necesaria e acadar o fin proposto, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela, acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto do presente convenio é asegurar o cumprimento da previsión contida na cláusula terceira do convenio marco: “construción dun edificio para o Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela”.

### **SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO PARA O PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

As tres administracións acordan financiar a construción dun edificio para este fin, de acordo coas previsión técnicas establecidas no proxecto técnico elaborado polos arquitectos Alberto Noguero e Pilar Díez e orzamentado en 2.229.590,98€,

IVE engadido (dous millóns douscentos vinte e nove mil cincocentos noventa euros con noventa e oito céntimos).

O financiamento da cantidade a que ascende o orzamento total do investimento realizarase de acordo coas seguintes porcentaxes:

Deputación Provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concello de Santiago de Compostela	20%

O Concello de Santiago de Compostela achegará o solo necesario e licitará a construción, coa contribución financeira expresada das demais administracións.

Para estes efectos, o Concello de Santiago de Compostela achega o proxecto arquitectónico do edificio, proxecto que deberá ser aprobado polas tres administracións, como trámite previo á súa licitación.

O orzamento máximo desta actuación, que comprende gastos de execución da obra, será de 2.229.590,98€

A contratación terá carácter plurianual, de acordo co ritmo previsto de execución da obra, realizando as administracións as súas achegas de acordo coa seguinte periodización:

- ✍ A Consellería de Xustiza Interior e Administración Local comprométese a achegar, con cargo á partida orzamentaria 13.04.123A.760.3, dos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, unha axuda de 891.836,39€ nas seguintes anualidades: 267.550,92€ na anualidade 2005 e 624.285,47€ na anualidade 2006, o que supón un coeficiente de financiamento do 40% de acordo co proxecto de construción do parque.
- ✍ A Deputación Provincial da Coruña, comprométese a achegar unha axuda de 891.836,39€ nas seguintes anualidades: 267.550,92€, na anualidade 2005 e 624.285,47€, na anualidade 2006, o que supón un coeficiente de financiamento

do 40% de acordo co proxecto de construción do parque, con cargo á Partida 0305/223A/76299 do orzamento da Deputación.

✍ O Concello de Santiago de Compostela comprométese a achegar unha aportación de 445.918,20€ nas seguintes anualidades: 133.775,46€ na anualidade 2005 e 312.142,74€ na anualidade 2006, o que supón un coeficiente de financiamento do 20% de acordo ó proxecto de construción do parque de bombeiros, con cargo á partida 22300 62200/2005 do orzamento do Concello.

### **TERCEIRA.- CONTRATACIÓN**

O Concello de Santiago de Compostela realizará a contratación das obras, o seu seguimento e control ata a súa total realización, así como a contratación dos técnicos facultativos necesarios para a súa dirección .

### **CUARTA.- PAGAMENTO**

O pagamento da contribución financeira da Consellería de Xustiza e da Deputación Provincial da Coruña realizarase contra a presentación, perante as devanditas administracións, das certificacións de obra realmente executada, expedidas pola Dirección Facultativa e debidamente aprobadas polo Concello de Santiago de Compostela

O importe que se librará será o porcentual que, para cada certificación de obra, aparece reflectido na cláusula segunda respecto do total xustificado. No suposto de non xustificarse a totalidade do gasto previsto, minoraranse as achegas das partes aplicando o coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores ao orzamento, as achegas da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e da Deputación Provincial da Coruña non superarán a cantidade máxima establecida no presente convenio

Se para a realización do obxecto do presente convenio o Concello de Santiago de Compostela tivese calquera outra subvención ou axudas doutras entidades públicas ou privadas, minoraranse as achegas autonómica e provincial, de tal forma que a suma das subvencións concorrentes non superen o gasto da actividade xustificada. Para tal fin, xunto coa última certificación achegarase unha certificación das axudas ou subvencións obtidas ou a declaración de que non se obtivo ningunha.

As actuacións que en materia económica se deriven do presente convenio deberán contar coa fiscalización previa dos órganos correspondentes, polo que quedarán sometidas á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

#### **QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

No prazo dos quince días seguintes á sinatura do presente convenio de colaboración constituirase unha comisión para garantir o seu correcto seguimento. A comisión estará integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, e velará polo seguimento da execución das obras, así como de resolver todos os problemas que poidan xurdir na interpretación do presente convenio.

#### **SEXTA.- PRAZO DE VIXENCIA**

O prazo de vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2006, podendo prorrogarse, logo do acordo de todas as partes asinantes, no suposto de que, chegado este ao seu termo, existisen razóns que así o aconsellasen, e, en todo caso, ata o cumprimento das súas previsións.

#### **SÉTIMA.- RESOLUCIÓN**

Son cláusulas de resolución do presente convenio:

1.-O seu incumprimento total ou parcial.

2.-O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

#### **OITAVA.-NATUREZA XURÍDICA**

O convenio ten natureza administrativa, polo que, sen perxuízo do previsto nas súas cláusulas, as cuestións que puidesen formularse na súa aplicación deberán resolverse pola xurisdición contencioso-administrativa.

En todo caso, e con carácter xeral, para a resolución das dúbidas interpretativas que puidesen presentarse respecto do presente convenio, acudírase aos principios establecidos no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo RD lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e o resto do ordenamento xurídico administrativo; Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada polas Leis 4/99, do 13 de xaneiro, e 24/01, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; así como no determinado na Instrución 170/2003, do 15 de decembro; a orde ministerial 169/2003, do 11 de decembro, e a Orde DEF/3015/2004, do 17 de setembro.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento:

O CONSELLEIRO DE  
XUSTIZA, INTERIOR E  
ADMINISTRACIÓN LOCAL

Asdo.: Xesús Carlos Palmou Lorenzo

O PRESIDENTE DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.: José Sánchez Bugallo